

**Organiza:**



SocioCulturales  
en Santiago e entorno do CI



**Patrocina:**



## **BASES DE PARTICIPACIÓN I CONCURSO DE GRAFFITIS EN ENTORNOS SOCIOCULTURALS.**

**EDICIÓN 2013 ORGANIZADA POLO CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DE PONTEPEDRIÑA CO PATROCINIO DA ENTIDADE *CULTURA URBANA***

### **BASES DE PARTICIPACIÓN:**

#### ***OBXECTO***

Promover e dar participación a novos escritores e escritoras de graffiti de arte urbana, como canle de expresión cultural e artística.

Ofrecer a posibilidade ás persoas afeccionadas á arte graffiti para que sexan elas mesmas as que decoren o muro exterior do Centro Sociocultural de Pontepedriña (tramo de muro na parte dereita do mesmo). Sendo ésta unha oportunidade de dar a coñecer a súa obra.

Preténdese con esta acción potenciar e promover os hábitos saudables entre a poboación a través da arte contemporánea, apoiando o traballo de artistas e favorecendo as relacións e actividades culturais no barrio.

#### ***LOCALIZACIÓN***

O lugar no que se plasmarán os deseños plásticos será o muro exterior na parte superior do LSC Pontepedriña, sito na Rúa Amor Ruibal 26, Baixo, en Santiago de Compostela. Este estará seccionado en tres partes que albergarán os tres traballos seleccionados.

O tamaño dispoñible para os graffitis é de 2,20 m x 10,70m para a sección máis grande, e 2,60m x 2,15m para as outras dúas seccións.

## **TEMA**

O tema será libre, outorgándolle valor á temática relacionada coa veciñanza. Os traballos serán inéditos e a cor. Non se admitirán aqueles que teñan contidos partidistas, relixiosos, irreverentes, obscenos, xenófobos, sexistas ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas e os dereitos humáns.

## **PARTICIPANTES**

Poden participar nesta convocatoria artistas, individualmente ou en grupo, que reúnan os seguintes requisitos:

- sen límite de idade
- en caso de que a candidatura sexa por grupo, éste ten que estar formado por un máximo de catro persoas
- en caso de menores de idade, é preciso a autorización do pai, nai ou titor/a legal, para a asistencia ao concurso (a non presentación deste documento suporá a expulsión do candidato da convocatoria).

## **ENTREGA DE BOSQUEXOS**

A técnica será manual.

Os bosqueiros presentaranse a cor, en soporte de papel ou cartolina tamaño A3.

Os bosqueiros irán sen asinar e sen ningún tipo de pseudónimo que identifique ao autor/a.

Na parte traseira do bosqueiro indicárase o título, unha breve descrición da obra e unha relación de “sprays”, lista de cores e difusores necesarios para a realización, non excedendo nunca de 20 botes por traballo presentado.

Os bosqueiros presentaranse dentro dun sobre pechado ou outra forma protexida e, dentro deste, outro sobre pechado coa folla de inscrición.

En ambos os dous sobres, na parte exterior, farase constar:

o lema que identifique a obra

e a referencia: I Concurso de graffitis en entornos socioculturais 2013.

As solicitudes para participar no concurso, xunto cos bosquejos, presentaránse no rexistro auxiliar do Concello, sito no CSCXM O Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16), no prazo comprendido entre o 11 e 23 de setembro, finalizando ás 14 horas.

O nome do autor/a non figurará no exterior de ningún dos sobres, no caso contrario, quedará descualificado/a.

### **PREMIOS**

*Lotes cedidos por Cultura Urbana:*

1º premio

Tarxeta regalo + pack material graffiti,

2º premio

Mochila + pack material de graffiti,

3º premio

Auriculares Adidas + pack material graffiti,

A entrega de premios realizarase á finalización das obras.

### **EXECUCIÓN**

A execución dos traballos realizarase o día 5 de outubro de 2013, entre as 11 e 18.30h. Os finalistas deberán presentarse ás 10h da mañá no LSC Pontepedriña, sito na rúa Amor Ruibal 26, onde a organización lles indicará o panel asinado para executar o bosquejo.

### **XURADO**

O xurado, que se reunirá o día 25 de setembro, estará composto por:

- Concelleiro de Centros Socioculturais ou comparece que o designe,
- un técnico da Rede de Centros Socioculturais,
- un experto en arte urbana,
- dous membros da directiva da Asociación Veciñal de Pontepedriña,
- e, un veciño do barrio.

A valoración dos deseños rexirase segundo os seguintes criterios, cunha puntuación máxima de 40 puntos:

- tema (ata 10 puntos)
- orixinalidade e innovación do deseño (ata 10 puntos)

- calidade artística (ata 10 puntos)
- dificultade de execución (ata 10 puntos)

### ***FALLO DO XURADO***

A resolución do concurso farase pública o día 30 de setembro de 2013, comunicándolla aos gañadores/as mediante teléfono ou correo electrónico, e na páxina do Concello ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)).

En calquer caso o xurado poderá declarar o premio deserto, se considera que as propostas presentadas non reúnen as condicións axeitadas.

Os gañadores/as, unha vez dada a coñecer o resultado, terán que adaptar a súa obra aos paños do muro que lle sexan adjudicados.

Os traballos non seleccionados serán devoltos aos seus autores, e os seleccionados cederán á organización do concurso os dereitos da súa obra.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases.

Calquera feito non previsto nestas bases, ou dúbida sobre a súa interpretación, será resolto a criterio do xurado.